

RECUPERAR DEREITOS PARA AVANZAR



NOS últimos meses vimos arrastrando unha crise industrial (electrointensivas, telecomunicacións, naval, etc.) que percorre Galiza de Norte a Sur e que ten lugar baixo a ameaza dunha recesión económica, cando aínda non saímos da anterior. Unha crise que se salda coa conformación dunha realidade caracterizada polo empobrecemento xeneralizado imposto pola vía das reformas laborais, sociais e das pensións; o medre na destrución de emprego, especialmente no sector industrial, mentres no resto dos sectores, especialmente no sector servizos, avanza a extensión da pobreza laboral e dos baixos salarios, acompañada dunha crecente centralización e dos constantes impedimentos ao noso dereito a negociar as condicións de traballo en Galiza.

Estamos baixo a intensa aplicación das políticas neoliberais executadas polos Gobernos españois e galego, que intensifican as privatizacións e os recortes nos servizos públicos, dunha maior concentración e centralización do capital, acompañado da chamada robotización e da posta en marcha da descarbonización da economía. Neste proceso, a Galiza impónselle un nivel de esixencia tan alto da redución das emisións de CO₂ —cos pechos das centrais térmicas das Pontes e Meirama—, como se foramos unha sociedade soberana e industrializada ao nivel de Alemaña ou Franza. Cando en verdade somos vítimas dun tecido económico e industrial deseñado polo grande capital español e internacional, resultado de anos dunha industria de enclave que veu espoliar as nosas materias primas, que non pecha os ciclos produtivos e que ten sido altamente contaminante.

Todo un conxunto que está provocando en Galiza un regueiro de ERTes, pechos de empresas, reducións de cadros de persoal e novas deslocalizacións da produción.

Non podemos, unha vez máis, ser os únicos e as únicas en asumir os custes desta reconversión mentres a nosa capacidade de produción de enerxía segue posta ao servizo dos intereses das grandes eléctricas e do desenvolvemento industrial e da xeración de emprego fóra de Galiza.

A verdadeira transición ecolóxica, para que sexa tal e sexa xusta, ten que pasar porque se nos recoñeza o dereito e a capacidade de decidir sobre os nosos recursos e sobre o noso desenvolvemento económico e social. E polo tanto, entre outras cuestións, termos unha Tarifa Eléctrica Galega que cree emprego e industria.

Estes son os trazos dunha realidade galega na que está en xogo o noso futuro, cun Goberno galego incompetente e de nula actuación. Contribúen na destrución dos nosos sectores produtivos estratéxicos e fai unha política suicida para a sociedade galega consistente no macro-turismo, no Camiño de Santiago a grande escala, na eucalipzación do País en favor das grandes corporacións.

O Goberno de Feixoo está descaradamente ao servizo dos Fondos de Investimentos e dun sistema que xera na Galiza graves desequilibrios territoriais, sociais e ambientais, e no que seguimos subministrando man de obra barata a través dunha emigración que nos está a deixar sen xente, nun País cada vez máis envellecido e con menos poboación activa.

Neste contexto, é lamentábel asistir ao papel de UGT e CCOO en Galiza, máis preocupados por branquear ao PP no marco do diálogo social, que por acudir aos chamamentos reiterados que desde hai un ano, pero especialmente nos últimos meses, levamos facendo dende a CIG para dar unha resposta conxunta a esta grave situación a través dun calendario de mobilizacións que incluso chegase a unha Folga Xeral en Galiza na defensa dun emprego digno e da industria galega.

As últimas eleccións xerais e os primeiros pasos dados na conformación dun novo Goberno débennos pór en desconfianza e alerta, existindo un elevado risco de que sigan no continuísmo da axenda neoliberal. Durante o Goberno anterior xa comprobamos que non tivo lugar derrogación das reformas laborais nin das pensións, nin das políticas económicas que manteñen este sistema de economía especulativa.

Non son tempos de propagandas nin de enganar, son tempos de cambios reais e profundos das políticas porque o prezo de mantelas causa inxustiza, ao tempo que crean as condicións para o neofascismo, que no Estado español é o franquismo de sempre.

A CIG, como primeira forza sindical que somos, ante a situación de emerxencia nacional e social que vivimos en Galiza, temos a responsabilidade e a obriga de tomar novas iniciativas mobilizadoras porque os dereitos non se regalan, nin se compran, nin veñen do diálogo social, nin os concede un Goberno por que si.

OS DEREITOS CONQUÍSTANSE COA LOITA E A MOBILIZACIÓN. Esta é a vía para a defensa dos dereitos, para alcanzar políticas alternativas coas que na Galiza poidamos exercer o dereito a vivir e traballar dignamente na Nosa Terra.

NA DEFENSA DA INDUSTRIA E O EMPREGO NA GALIZA

**Mobilízate coa CIG
o día 30 de xaneiro**



Propostas CIG en materia laboral e social

- Derrogación inmediata das contrarreformas laborais, da negociación colectiva e das pensións (RDL 10/2010, RDL 7/2010, RDL 20/2012, Lei 3/2012, etc).
- Desenvolvemento do Marco Galego de Relacións Laborais.
- Derrogación da LOMCE e do Decreto do Plurilingüismo.
- Derrogación do artigo 315.3 do Código Penal e da Lei Mordaza.
- Eliminación das subvencións xenéricas á contratación.
- Erradicación da fenda salarial, temporalidade, acoso laboral e sexual e por razón de sexo e identidade.
- Aumentar a duración e protección social dos permisos de maternidade e paternidade.
- Eliminación da contratación parcial involuntaria.
- Eliminación de ETT, empresas multiservizos, subcontratación en cadea e dos chamados falsos/as autónomos/as.
- Garantir por lei a aplicación do convenio colectivo da empresa principal nas contratas (empresas multiservizos, centros especiais de emprego, etc.)
- Fixación do Salario Mínimo Interprofesional no 60% do salario medio.
- Supresión do IPREM. Utilización do SMI como referente para o cálculo das prestacións públicas.
- Fixación dun salario mínimo por convenio colectivo de 1000 euros.
- Fixación por lei para que a pensión mínima sexa igual ao Salario Mínimo Interprofesional (60% do salario medio) e revalorización co IPC.
- Xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Xubilación parcial aos 61 anos.
- Unha nova política fiscal ao servizo dos intereses da maioría social.
- Unha nova política financeira e a creación dunha Banca Pública.
- Redución de xornada laboral a 35 horas.
- Recuperación da causalidade na contratación.
- Nova regulación do despedimento por causas obxectivas.
- Salario de inserción laboral.
- Defensa dos servizos públicos. Incremento do investimento público en ensino, saúde, asistencia e protección social, infraestruturas e I+D+i.
- Plan de Industrialización e de apoio aos nosos sectores produtivos e Plan de Creación de Emprego Digno que poña fin á emigración.
- Tarifa eléctrica galega e tarifa industrial xa.

NA DEFENSA DA INDUSTRIA E O EMPREGO NA GALIZA

**Manifestación 30 de Xaneiro
Compostela: 19.30h. Alameda**



Confederación Intersindical Galega